

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 26 DE FEBREIRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:15 horas do día 26 de febreiro de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 22 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez, suplente de D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, suplente de D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, suplente de D. Alberto Escariz Couso  
D. Secundino Otero Faílde, suplente de D. José Riesgo Boluda  
D. José Ángel Otero Lamas, suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste ao punto 10)
- Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para o desenvolvemento do programa municipal de escolas deportivas, competicións internas e actividades complementarias (2.495-611)**

A secretaria comunica aos membros asistentes que segundo o certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 25 de febreiro de 2019 non se presentou ningunha proposición a esta licitación.

Á vista do citado certificado a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:39	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA441-E2B4B8-248D88-JXUCG1-EJJ1L9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para o desenvolvemento do programa municipal de escolas deportivas, competicións internas e actividades complementarias (2.495-611)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 7 de febreiro de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, da póliza de seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para o desenvolvemento do programa municipal de escolas deportivas, competicións internas e actividades complementarias (2.495-611).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 7 de febreiro de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 22 de febreiro.

**Terceiro.-** Indica o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 25 de febreiro de 2019: *“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 07-02-2019, para a contratación por procedemento aberto do S“servizo de seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para todas as actividades desenvolvidas ao abeiro do Programa Municipal de Escolas Deportivas, competicións internas e actividades complementarias, do Concello de Vigo, Concellería de Deportes. EXPTE. 2495-611” que rematou o día 22 de febreiro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha proposta”.*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se indica no certificado expedido polo Rexistro xeral de data 25 de febreiro de 2019, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:39	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA441-E2B4B8-248D88-JXUCG1-EJJ1L9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



*“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para o desenvolvemento do programa municipal de escolas deportivas, competicións internas e actividades complementarias (2.495-611) por non terse presentado ningunha proposición”.*

#### 4.- Apertura económica

##### a) Procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para o desenvolvemento do programa municipal de escolas deportivas, competicións internas e actividades complementarias (2.495-611)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto anterior propoñer ao órgano de contratación que declare deserto este procedemento.

#### 10.- Propostas de adxudicación

##### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio García Barbón" (172-441)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio García Barbón" (172-441)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de febreiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio García Barbón" (172-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	ORECO, S.A.	93,13
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	83,08



**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., o día 18 de febreiro de 2019, que presenta a documentación requirida o 22 de febreiro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 26 de febreiro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por ORECO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 31 de xaneiro e 5 de febreiro de 2019, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:39	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA441-E2B4B8-248D88-JXUCG1-EJJ1L9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ORECO, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de “Cubrición do patio do colexio García Barbón” (172-441) por un prezo total de 144.156,12 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25.018,83 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:39	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA441-E2B4B8-248D88-JXUCG1-EJJ1L9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		